



Concello de Monterrei

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2018/2	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	7 de febreiro de 2018
Duración	Desde as 13:30 ata as 14:30 horas
Lugar	SALÓN DE SESIÓNS DO CONCELLO
Presidida por	JOSÉ LUIS SUÁREZ MARTÍNEZ
Secretario	PAULINO FERNÁNDEZ SALGADO

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
41096534L	ALBERTO RODRIGUEZ GARCIA	SÍ
34719476X	DELFIN BOO PAYO	SÍ
34927236B	DELFIN FIDALGO CARBALLO	SÍ
76717044S	FRANCISCO JAVIER LIMIA FEIJOO	SÍ
34968041Z	JOSÉ LUIS SUÁREZ MARTÍNEZ	SÍ
76719061P	MARIA DEL CARMEN SOLA PEREZ	SÍ
34721394L	MARINA SALGADO CARNERO	SÍ
34728608B	MARÍA ROSA GONZÁLEZ RIVERO	SÍ
34701982L	SALVADOR ZARRAQUÍÑOS SEGUIN	SÍ
34722008N	SERAFIN AUGUSTO DAMEA	SÍ
34728275T	YOLANDA DOMINGUEZ GALLEG0	SÍ

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

JOSÉ LUIS SUÁREZ MARTÍNEZ (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 16/03/2018
HASH: d355cc3b64dd61e908d2aa864d44b

PAULINO FERNÁNDEZ SALGADO (2 para 2)
SECRETARIO INTERVENTOR
Data de Sinatura: 16/03/2018
HASH: d349894d94e3bdc9d3730b0d66a60ed

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0002 Data: 16/03/2018



Cod. Validación: 6DKYF94X6JGZQC3DD562XC3 | Corrección: http://monterrei.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 21



Concello de Monterrei

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SEGUENTES SESIÓNS EXTRAORDINARIAS: DO 15 DE DECEMBRO DE 2017 E DO 12 DE XANEIRO DE 2018

O alcalde pregunta aos membros asistentes se teñen algunha observación que formular aos borradores das actas das sesións do 15 de decembro de 2017 e do 12 de xaneiro de 2018.

Nese intre interrompe o secretario para dicir que hai unha cuestión de orde, que con relación á última sesión na que se dixo que se reflectiran exactamente as opinións, que con base no artigo 109.1 g) do ROF a obriga do secretario é única e exclusivamente da opinión sistetizada dos grupos e dos membros da Corporación. O artigo 50 do Texto refundido do réxime local tamén di que se deberá recoller sucintamente as opinións emitidas. Non é normal, di o secretario, como viñamos facendo ata agora, reflectir exactamente todas as intervencións porque senón tardamos moitísimo tempo e somos o único concello que o facemos e non pode ser así, simplemente polo traballo que nos dá. Di que a partir de agora vai facer única e exclusivamente opinións sistetizas ou recoller sucintamente as opinións vertidas. Cando alguén queira facer constar textualmente algo, que llo diga, entón iso figurará textualmente.

Decídese votar as actas e o PLeño, por unanimidade, ACORDA, aprobar as actas das sesións do 15 de decembro e do 12 de xaneiro de 2018.

DAR CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2017

Dáse conta do ditame da Comisión informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas, do día 1 de febreiro de 2018, que é do seguinte teor: "O alcalde dá conta aos asistentes do período medio de pagamento correspondente ao terceiro trimestre de 2017, de conformidade co artigo 4.1.b da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministración previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de conformidade co establecido na disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo.

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0002 Data: 16/03/2018



Cod. Validación: 6PKYF9X6.GDZQC3DD562XC3 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 21



Concello de Monterrei

O detalle do informe é o seguinte:

Importe de pagamentos realizados: 167.762,51 €

Importe de pagamentos pendentes: 113.242,87 €

Período medio de pagamento: 9,90 días.

A Comisión dáse por informada".

O Pleno dáse por informado.

DAR CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DE 2017

Dáse conta do ditame da Comisión informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas, do día 1 de febreiro de 2018, que é do seguinte teor:

"O alcalde dá conta aos asistentes que se informou ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do período medio de pagamento correspondente ao cuarto trimestre de 2017, de conformidade co artigo 4.1.b da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministración previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de conformidade co establecido na disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo.

O detalle do informe é o seguinte:

Importe de pagamentos realizados: 494.372,43 €

Importe de pagamentos pendentes: 92.751,24 €

Período medio de pagamento: -1,26 días.

A Comisión dáse por informada".

O Pleno dáse por informado.

DAR CONTA DA EXECUCIÓN DO 4º TRIMESTRE DO ORZAMENTO DE 2017

Dáse conta do ditame da Comisión informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas, do día 1 de febreiro de 2018, que é do seguinte teor:

"Dáse conta da execución do cuarto trimestre do orzamento do ano 2017, enviado ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas con data 24 de xaneiro de 2018,

ACTA DO PLENO

Número: 2018-0002 Data: 16/03/2018



Cod. Validación: 6DKYF94X6J3DZC3DD562XC3 | Corrección: http://monterrei.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 21

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

como do informe do secretario de 23 de xaneiro de 2017, que mostra a seguinte determinación do gasto computable:

Para obter o gasto computable definido na regra de gasto, do resultado obtido polos axustes descontarase a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras administracións públicas. Neste sentido, reducirase a parte do gasto que se financie con ingresos afectados aínda que estes fondos se perciban nun exercicio distinto ao da devindicación do gasto.

Por último, cabe sinalar que, segundo se recolle no apartado 4 do artigo 12 da Lei orgánica 2/2012, no caso de que se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel do gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos nos que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente. Polo contrario, cando os cambios normativos supoñan diminucións de recadación, o nivel de gasto computable nos anos nos que se produzan estas diminucións deberá reducirse na contía equivalente.

Polo tanto:

Gasto computable 2016 Liquidación	Importes	Gasto computable 2017 Previsión liquidación	Importes
Suma de capítulos 1-7 de gastos	2.129.027,95	Suma de capítulos 1-7 de gastos	2.323.683,60
Resta de capítulo 3 de gastos	-533,76	Resta de capítulo 3 de gastos	-519,00
Total cap 1-7	2.128.494,16	Total cap 1-7	2.323.164,60
Gastos financiados Estado	-13.353,18	Gastos financiados Estado	-1.326,40
Gastos financiados CCAA	-557.136,47	Gastos financiados CCAA	-643.44,00
Gastos financiados pola Deputación	-105.640,35	Gastos financiados pola Deputación	-119.53,00
Gastos financiados Cualedro e outros	-50.044,26	Gastos financiados Cualedro e outros	-41.80,00
Acredores pendentes de aplicar ao orzamento	19.324,05	Acredores pendentes de aplicar ao orzamento	19.32,00
GASTO COMPUTABLE	1.421.643,98	GASTO COMPUTABLE	1.497.72,00
-Gasto computable inves. financeiramente sostible	-125.176,18	-Gasto computable inves. financeiramente sostible	-198.83,00
TOTAL GASTO COMPUTABLE	1.296.467,80	TOTAL GASTO COMPUTABLE	1.298.89,00

Concello de Monterrei



Concello de Monterrei

Axuste inexecución		Axuste inexecución	
TOTAL GASTO COMPUTABLE	1.296.467,80	TOTAL GASTO COMPUTABLE	1.298.896,77
Taxa de crecemento do gasto (% incremento gasto computable)			
Taxa referencia crecimiento do PIB		2,1	
Límite de gasto para o 2017 (gasto computable 2016 +2,1%)		1.323.693,62	
CÁLCULO DO TEITO DE GASTO, LIMITE DE GASTO DEFINITIVO PARA O EXERCICIO 2017			
AXUSTES		IMPORTE	
LÍMITE TEITO DE GASTO DE BASE		1.323.693,62	
Incrementos normativos de recadación		20.000,00	
TOTAL LIMITE- TEITO DE GASTO AXUSTADO PARA O EXERCICIO 2017		1.343.693,62	
DIFERENZA ENTRE O LIMITE DE REGRA DE GASTO E GASTO COMPUTABLE 2017		44.795,00	

Polo tanto a previsión da liquidación do orzamento 2017 a 31 de decembro de 2017 cumpre coa regra de gasto. O límite de gasto máis o incremento normativo de recadación dános un teito de gasto axustado para o exercicio 2017.

O gasto computable para o 2017 está por debaixo do teito de gasto. Polo tanto, a liquidación a 31 de decembro de 2017 cumpre coa regra de gasto o teito de gasto.

A Comisión dáse por informada".

O Pleno dáse por informado.

DAR CONTA DO INFORME DA MOROSIDADE ANUAL (4º TRIMESTRE) 2017

Di o secretario que como o Concello non ten préstamos nin está intervido non fai falta conta máis que do último trimestre.


Dáse conta do ditame da Comisión informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas, do día 1 de febreiro de 2018, que é do seguinte teor:

"Dáse conta, ao abeiro do artigo 5.4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación do 3/2004, do 29 de decembro, polo que se establecen as medidas de loita contra a morosidade, do informe correspondente ao cuarto trimestre de 2017, que se remitiu ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o día 23 de xaneiro de 2017:

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0002
Data: 16/03/2018



Cod. Validación: 6D9YF94X6JGDZC3DD562XC3 | Corrección: http://monterrei.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona es/ubico | Páxina 5 a 21



Concello de Monterrei

Facturas pagadas:

ENTIDADE: 01 CONCELLO DE MONTERREI			EXERCICIO: 2017		
TRIMESTRE 4. INFORME OFICIAL DOS PAGAMENTOS REALIZADOS					
Pagamentos realizados no trimestre	Período medio pagamento (PMP) (días)	Pagamentos realizados no trimestre			
		Dentro período legal pagamento		Fóra período legal pagamento	
		Número de Pagamentos	Importe Total	Nº de Pagamentos	Importe Total
Gastos en bens correntes e servizos	36,87	123	83.429,84	108	117.335,58
Aplicados ao orzamento (Capítulo 2) por artigos					
20- Arrendamentos e canons	11,61	3	769,84	0	0,00
21- Reparación, Mantemento e conservación	41,85	25	21.844,97	54	50.245,86
22- Material, Subministracións e outros	34,22	95	60.815,03	54	67.092,42
23- Indemnizacións por razón do servizo	0,00	0	0,00	0	0,00
24- Gasto de Publicacións	0,00	0	0,00	0	0,00
26- Traballos realizados por Institucións s.f. de lucro	0,00	0	0,00	0	0,00
Investimentos reais	26,29	20	194.754,89	12	90.169,85
Outros pagamentos realizados por operacións comerciais	0,00	0	0,00	0	0,00
Pagamentos pendentes de aplicar ao orzamento	0,00	0	0,00	0	0,00
Total pagamentos realizados no trimestre	30,66	143	278.184,		

Xuros de demora pagados no período:

ENTIDADE: 01 CONCELLO DE MONTERREI		EXERCICIO: 2017	
TRIMESTRE 4. XUROS DE DEMORA PAGADOS NO PERÍODO			
Xuros de demora pagados no período	Xuros de demora pagados no período		
	Número de pagamentos	Importe total de xuros	
Gastos correntes en bens e servizos	0	0,00	
Investimentos reais	0	0,00	
Outros pagamentos realizados por operacións	0	0,00	

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

ACTA DO PLENARIO
Número 18
Data: 18/08/2018
Cod. Validación: 60KYF94X6JGPZQC3DD562XC3 | Corrección: http://monterrei.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 21



Concello de Monterrei

comerciais		
Pagos realizados pendientes de aplicar ao orzamento	0	0,00
Total xuros de demora pagados	0	0,00

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do período:

ENTIDADE: 01 CONCELLO DE MONTERREI			EXERCICIO: 2017		
TRIMESTRE 4. INFORME OFICIAL DE FACTURAS OU DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS PENDENTES DE PAGAMENTO AO FINAL DO PERÍODO					
Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do período	Período medio de pagamento pendente (PMPP) (días)	Pendentes de pagamento ao final do período			
		Dentro período legal pagamento a final do período		Fóra período legal pagamento ao final do período	
		Número de operacións	Importe total	Número de operación s	Importe total
Gastos en bens correntes e servizos	28,72	3	13.792,44	4	7.418,11
20- Arrendamentos e canons	0,00	0	0,00	0	0,00
21- Reparacións, Mantemento e conservación	40,00	0	0,00	3	3.625,67
22- Material, Subministracións e outros	26,40	3	13.792,44	1	3.792,44
23- Indemnizacións por razóns do servizo	0,00	0	0,00	0	0,00
24- Gasto de Publicacións	0,00	0	0,00	0	0,00
26- Traballos realizados por Institucións s.f. de lucro	0,00	0	0,00	0	0,00
Investimentos reais	21,66	1	30.262,10	2	41.278,59
Outros Pagamentos pendentes por operacións comerciais	0,00	0	0,00	0	0,00
Operacións pendentes de aplicar ao orzamento	0,00	0	0,00	0	0,00
Total operacións pendentes de pagamento ao final do trimestre	23,27	4	44.054,54	6	48.696,70

A comisión dáse por informada".

O Pleno dáse por informado.

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

Número: 2018-0002 Data: 16/03/2018

ACTA DO PLENO
Cod. Validación: 60KYF9X6JGDZQC3DD562XC3 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 21



Concello de Monterrei

Expediente 118/2017. DAR CONTA DOS DECRETOS DO 17 DE XANEIRO DE 2018, SOBRE O NOMEAMENTO DE VARIOS FUNCIONARIOS DO CONCELLO DE MONTERREI, GRUPO C2, E ACORDOS QUE PROCEDAN

Dáse conta do ditame da Comisión informativa de Persoal, Réxime Interior, Transparencia, Participación Cidadá, Bens e Poboación, do día 1 de febreiro de 2018, que é do seguinte teor:

"Dáse conta dos decretos da Alcaldía 2018/14, 2018/15 e 2018/16, do 17 de xaneiro de 2018, sobre o nomeamento de varios funcionarios. Os ditos decretos son do seguinte teor literal:

- Decreto 2018/14:

"Consonte co expediente tramitado para a provisión de tres prazas de auxiliar administrativo, polo sistema de promoción interna para a funcionarización do persoal laboral fixo que desempeña postos de traballo clasificados como propios de persoal funcionario, subgrupo C2, auxiliar administrativo, cuxas bases foron aprobadas por Decreto da Alcaldía do 13 de setembro de 2017 (BOP núm. 220, do 23 de setembro de 2017), ACORDO:

Primeiro. Nomear como funcionaria de carreira do Concello de Monterrei a María Pilar Zarraquiños Novelle para o posto de auxiliar administrativo, grupo C2, destinándoa ao posto de traballo que viña desempeñando na condición de persoal laboral.

Segundo. Notificar este acordo á interesada para a toma de posesión perante a Alcaldía no prazo máximo dun mes, contado a partir da publicación do nomeamento no BOP, e formular o acto de acatamento da Constitución, do Estatuto de Autonomía e do resto do ordenamento xurídico".

- Decreto 2018/15:

"Consonte co expediente tramitado para a provisión de tres prazas de auxiliar administrativo, polo sistema de promoción interna para a funcionarización do persoal laboral fixo que desempeña postos de traballo clasificados como propios de persoal funcionario, subgrupo C2, auxiliar administrativo, cuxas bases foron aprobadas por Decreto da Alcaldía do 13 de setembro de 2017 (BOP núm. 220, do 23 de setembro de 2017), ACORDO:

Primeiro. Nomear como funcionario de carreira do Concello de Monterrei a José Luis Gómez Palomanes para o posto de auxiliar administrativo, grupo C2, destinándoo ao posto de traballo que viña desempeñando na condición de persoal laboral.

Segundo. Notificar este acordo ao interesado para a toma de posesión perante a Alcaldía no prazo máximo dun mes, contado a partir da publicación do nomeamento no BOP, e formular o acto de acatamento da Constitución, do

ACTA DO PLENO

Número: 2018-0002 Data: 16/03/2018



Cod. Validación: 6DKYF9X6JGZQ3DD56XC3 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esFiducia | Páxina 8 a 21

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense), Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

Estatuto de Autonomía e do resto do ordenamento xurídico".

- Decreto 2018/16:

"Consonte co expediente tramitado para a provisión de tres prazas de auxiliar administrativo, polo sistema de promoción interna para a funcionarización do persoal laboral fixo que desempeña postos de traballo clasificados como propios de persoal funcionario, subgrupo C2, auxiliar administrativo, cuxas bases foron aprobadas por Decreto da Alcaldía do 13 de setembro de 2017 (BOP núm. 220, do 23 de setembro de 2017), ACORDO:

Primeiro. Nomear como funcionario de carreira do Concello de Monterrei a José Manuel Losada Losada, para o posto de auxiliar administrativo, grupo C2, destinándoo ao posto de traballo que viña desempeñando na condición de persoal laboral.

Segundo. Notificar este acordo ao interesado para a toma de posesión perante a Alcaldía no prazo máximo dun mes, contado a partir da publicación do nomeamento no BOP, e formular o acto de acatamento da Constitución, do Estatuto de Autonomía e do resto do ordenamento xurídico".

A Comisión informativa dáse por informada".

O Pleno dáse por informado.

Expediente 213/2017. MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL COMO CONSECUENCIA DA FUNCIONARIZACIÓN DE TRES PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO, GRUPO C2, DETERMINACIÓN DO SEU COMPLEMENTO DE DESTINO E ESPECÍFICO E ACORDOS QUE PROCEDAN

Dáse conta do ditame da Comisión informativa de Persoal, Réxime Interior, Transparencia, Participación Cidadá, Bens e Poboación, do día 1 de febreiro de 2018, que é do seguinte teor:

"O alcalde ditou, o día 17 de xaneiro de 2018, varios decretos polos que se nomean como funcionarios de carreira, grupo C2, a José Manuel Losada Losada, José Luis Gomez Palomanes e Maria Pilar Zarraquiños Novelle. É necesario, pois, levar a cabo a modificación do cadro de persoal do orzamento municipal para o exercicio 2018 e a asignación dos niveis de complemento de destino aos postos de traballo e unha valoración dos ditos postos para a asignación do importe dos complementos específicos, de conformidade co Real decreto 861/86, do 25 de abril, e tendo en conta os importes das retribucións que viñan percibindo.

Polo anterior, esta Alcaldía fai a seguinte proposta:

- Auxiliar administrativo, grupo C2, con funcións de notificacións, rexistro, atención ao público e información xuvenil:

Nivel de complemento de destino asignado á praza será o 14, pola súa responsabilidade.

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

ACTA DO PLENO

Número: 2018-0002 Data: 16/03/2018



Cod. Validación: 6DKYF94X6J3DZOC3DD0562XC3 | Corrección: http://monterrei.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 21



Concello de Monterrei

Importe de complemento específico: 3,138,80 €, que se percibirá en 14 pagas anuais. Valórase a súa responsabilidade, dedicación e incompatibilidade.

- Auxiliar administrativo, grupo C2, con funcións de apoio a tarefas de Secretaría e Intervención:

Nivel de complemento de destino asignado á praza será o 16, pola súa responsabilidade e especialización.

Importe de complemento específico: 7,752,58 €, que se percibirá en 14 pagas anuais. Valórase a súa responsabilidade, dedicación, dificultade técnica e incompatibilidade.

- Auxiliar administrativo, grupo C2, con funcións de rexistro, atención ao público e Xulgado de Paz:

Nivel de complemento de destino asignado á praza será o 14, pola súa responsabilidade.

A Comisión informativa, por cinco votos a favor do Grupo Popular e tres abstencións do Grupo Veciños de Monterrei e BNG, que reservan o seu voto para o Pleno, acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía. No entanto, o Pleno acordará o que estime pertinente".

O Pleno, por oito votos a favor do Grupo Popular e BNG e tres abstencións do Grupo Veciños de Monterrei, ACORDA a modificación do cadro de persoal como consecuencia da funcionarización de tres prazas de auxiliar administrativo, grupo C2, coa determinación do complemento de destino e específico correspondente a cada funcionario.

Expediente 140/2017. NOMEAMENTO DE TESOUREIRO E ACORDOS QUE PROCEDAN

O alcalde prégalle ao concelleiro, Salvador Zarraquiños Seguí, que abandone o salón de Plenos, por ter interese no asunto.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Persoal, Rexime Interior, Transparencia, Participación Cidadá, Bens e Poboación, do 1 de febreiro de 2018, que literalmente di:

Con data 5 de outubro de 2017, esta Alcaldía, dado que o funcionario que viña desempeñando as funcións de tesoreiro estaba de baixa e pendente de acadar a xubilación, ditou un decreto polo que se propuña que pasara a desempeñar as funcións de Tesourería quen viña desempeñando as funcións de Secretaría-Intervención, Paulino Fernández Salgado.

Na dita resolución tamén se acordou que o dito nomeamento sería de maneira transitoria e duraría ata que se culminase o proceso de funcionarización que se seguía naquel momento.

Dado que na actualidade unha mesma persoa está a acumular dende esa data tres cargos distintos: secretario, interventor e tesoreiro, co incremento da carga de traballo e responsabilidade que iso supón e dado tamén que o proceso de funcionarización xa chegou ao seu fin co resultado de

Concello de Monterrei





Concello de Monterrei

nomeamento de tres auxiliares administrativos, grupo C2, propoño ao Pleno do Concello que sea nomeada María Pilar Zarraquiños Novelle para o desempeño das funcións da Tesourería municipal.

Así mesmo, propoño que a dita funcionaria perciba un complemento de produtividade de 400 € mensuais (12 pagas), dado o incremento do traballo, especial dedicación e a responsabilidade en relación ás funcións que lle corresponden polo posto que desempeña.

A Comisión informativa, por cinco votos a favor do Grupo Popular e tres abstencións do Grupo Veciños de Monterrei e BNG, que reservan o seu voto para o Pleno, acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía. No entanto, o Pleno acordará o que estime pertinente".

O Pleno, por sete votos a favor do Grupo Popular e BNG e tres abstencións do Grupo Veciños de Monterrei, ACORDA aprobar a proposta da Alcaldía e nomear a María Pilar Zarraquiños Novelle para o desempeño das funcións de Tesourería municipal, cun complemento de 12 mensualidades de 400 €.

Expediente 95/2017. DAR CONTA DA SENTENZA DITADA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 720/2017 SOBRE A DEMANDA DE RAFAEL CASTRO VAAMONDE CONTRA O CONCELLO DE MONTERREI E ACORDOS QUE PROCEDAN

Antes de tratar este asunto, entra na sesión o concelleiro Salvador Zarraquiños Seguí.

Dáse conta do ditame da Comisión informativa de Persoal, Réxime Interior, Transparencia, Participación Cidadá, Bens e Poboación, do día 1 de febreiro de 2018, que é do seguinte teor:

"O día 20 de decembro de 2017, tivo entrada no Rexistro xeral do Concello de Monterrei, a sentenza ditada no procedemento ordinario 720/2017 sobre a demanda de Rafael Castro Vaamonde contra o Concello de Monterrei, na que o tribunal estima en parte a demanda presenta e declara o recoñecemento dunha antigüidade como traballador do concello dente o día 27 de decembro de 2000 e condena ao Concello ao aboamento das diferenzas polas funcións efectivamente realizadas no período de xullo de 2016 a xuño de 2017, ambos incluídos, na contía de 5.410,38 €.

Logo de ver tamén o escrito remitido polo asesor xurídico da Deputación de Ourense, José Eugenio Galindo Gómez, no que informa que a sentenza recoñece as funcións de enxeñeiro técnico, asimilada ao grupo A2 e a fixación do salario correspondente á dita categoría, esta Alcaldía propón pois ao Pleno do Concello o recoñecemento dos atrasos fixados na sentenza, así como recoñecer as funcións de enxeñeiro técnico, asimiladas ao grupo A2 e a fixación do salario que lle corresponda á dita categoría.


A Comisión informativa, por cinco votos a favor do Grupo Popular e tres abstencións do Grupo Veciños de Monterrei e BNG, que reservan o seu voto para o Pleno, acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía. No

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

ACTA DO PLENO

Número: 2018-0002 Data: 16/03/2018



Cod. Validación: 6DKYF94X6JGDZQC3DD562XC3 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 21



Concello de Monterrei

entanto, o Pleno acordará o que estime pertinente".

Toma a palabra o concelleiro do BNG, Alberto Rodríguez García, para dicir que el vaise abster.

O concelleiro de Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia Feijoo, di que el ten unhas dúbidas, as cales expón a continuación:

- En relación ao axente de emprego, a min unha vez o señor secretario díxome que vostede que sabía moito, que case sabía máis ca el, e quería saber como, sabendo tanto, non sabía que se se lle encomendaban traballos de superior categoría podía consolidar o posto. Se o señor secretario fixo algunha advertencia de que iso non se podía facer, que era ilegal, e por que non se solucionou a tempo.

O alcalde diríxese ao concelleiro:

- Ben, vostede parece que non coñece o funcionamento da Administración local. Non somos o único caso no que os axentes de emprego están a facer outras funcións. Ao mellor, onde vostede traballa pasa iso, cada ún dedícase ao seu, pero na Administración local é totalmente distinto. Aquí o único que estamos facendo é dar cumprimento a unha sentenza xudicial que recoñece uns traballos que presta este traballador.

O concelleiro di:

- É unha sentenza xudicial por un traballo encomendado, cando temos unha aparelladora, unha arquitecta técnica, que xa é grupo B, e se lle encomendou un traballo que en teoría non lle correspondía coas súas funcións. Eu non sei se no resto dos concellos se dedican a tirar pedras, eu supoño que o que terá que facer vostede é atender o seu concello e esquecerse dos demais.

E o alcalde:

- Pois iso é o que nos dedicamos, efectivamente, a atender o concello e as súas necesidades. Agora simplemente o que estamos é tratando de regularizar unha situación dun traballador dándolle cumprimento a unha sentenza.

Di Francisco Javier Limia:


- Están acatando o que non lle queda máis remedio.

Toma neste intre a palabra a concelleira de Veciños de Monterrei, Yolanda Domínguez e di:

- Partimos da base de que se un traballador fai un traballo ten dereito a que a súa remuneración sexa acorde co traballo que realiza e, niso penso que estamos todos de acordo. Estudando algúns expedientes deste concello, hai facturas de proxectos asinadas polo traballador Rafael Castro como empresa privada. Supoñíamos que eses traballos están feitos fóra do seu horario laboral. Se agora el demostra que traballa nese mesmo tipo de traballo dentro do horario laboral do Concello, estémonos encontrando con que se lle pagaba dúas veces polo mesmo traballo realizado, ou que era arte e parte, e por unha parte facía o traballo coma empresa privada e por outra vixilaba como Concello que cumpría co traballo que facía como empresa privada. En que posición estamos dende o Concello?

Respóndelle o alcalde:

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0002 Data: 16/03/2018



Cod. Validación: 6DKYF94X6JGZQC3DD562XC3 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 21

Concello de Monterrei



Concello de Monterrei

- O Concello está na posición de que el era traballador do Concello e facía traballos para o Concello fóra da súa xornada de traballo.

Segue a concelleira:

- E cobraba coma empresa privada por proxectos para o Concello, que despois vixilaba como Concello que se fixeran.

Dille o alcalde:

- Dende que estou eu de alcalde pódolle asegurar que esa persoa non pasou ningunha factura de proxectos realizados neste concello.

A concelleira di:

- Pois suxírolle que vixile as anteriores que aínda están.

É agora Francisco Javier Limia quen pregunta:

- E se certifica como director de obra, quen o nomea director de obra?

Di o alcalde:

- Pero non cobra por eses traballos.

O concelleiro segue:

- Non está cobrando directamente do concello. E da empresa adxudicataria?

O alcalde:

- Non.

Insiste o concelleiro:

- Da empresa adxudicataria, tampouco? É director de obra porque si, sen máis?

Respóndelle o alcalde:

- Do Concello, non. Da empresa adxudicataria, non o sei.

Continúa Francisco Javier Limia:

- Para ser director de obra, vostede ten que sabelo. Non hai certificados como director de obra?

Dille o alcalde:

- Dende que estou eu de alcalde, director de obra, Rafael Castro, non me consta.

Segue Francisco Javier Limia:

- Dígolle un, porque o estiven vendo o outro día: a sinalización do Castelo.

Hai quince días diso. E certificou a obra.

O alcalde:

- Pero non cobrou.

Comenta o concelleiro:

- Ahora mesmo paréceme un "cachondeo".

O alcalde dalle un toque de atención ao concelleiro:

- Rógolle que as expresións que utilice, que teña máis coidado, estamos nun Pleno.

E Francisco Javier Limia:

- Se estivésemos nun bar, ao mellor subiríamos máis de tono. "Cachondeo" tampouco é unha expresión tan fóra de lugar.

Tralo debate, o Pleno, por sete votos a favor do Grupo Popular e catro abstencións do BNG e de Veciños de Monterrei, ACORDA:

1. Recoñecer a Rafael Castro Vaamonde os atrasos fixados na sentenza

ACTA DO PLENO

Número: 2018-0002 Data: 16/03/2018



Cod. Validación: 6DKYF94X6JGDZOC3DDP562XC3 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 21

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

ditada no procedemento ordinario 720/2017, polas funcións efectivamente realizadas no período de xullo de 2016 a xuño de 2017, ambos incluídos.
2. Recoñecer as funcións de enxeñeiro técnico, asimiladas ao grupo A2 e a fixación do salario que lle corresponda á dita categoría.

CONTROL E FISCALIZACION DAS ACTUACIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Antes de pasar a tratar este asunto, o alcalde pregunta aos voceiros dos grupos políticos se hai algunha moción urxente. Respostan que non.

A continuación o alcalde diríxese aos voceiros dos grupos para que formulen os ROGOS e as PREGUNTAS:

Toma a palabra o voceiro do BNG e di que el non ten ningunha.

A voceira de Veciños de Monterrei, María del Carmen Sola Pérez, dille ao alcalde se vai responder ás que se lle formularon no Pleno anterior, para non repetirse e o alcalde dille que lle contestará ás que fagan hoxe no próximo pleno e ás do Pleno do 15 de decembro, ao final.

Toma a palabra a voceira de novo para formular as preguntas:

- Xa informou ao órgano competente, neste caso ao Ministerio de Facenda e Función Pública, pola falta moi grave cometida polo secretario deste concello?

Continúa a dicir a concelleira que vai mesturar rogos e preguntas e que desexa que figuren textualmente na acta.

- Vostede, como alcalde, o martes fixo unhas declaracións na radio, na Cope, pola miña parte creo que desafortunadas, o que demostra que non se decata do que pasa no seu concello pois vostede de feito, o que xa é o colmo do cinismo, traballa e vive en Ourense. Vostede non está lexitimado para cuestionar se os veciños de Verín teñen dereito a defender o patrimonio que é de todos. Monterrei é un BIC e os veciños da comarca séntense identificados co Castelo porque non deixa de ser un icono na súa paisaxe real e imaxinaria. Dirlle tamén, por se só viu as fotos, que na concentración do outro día no Castelo había non só veciños de Verín. Había veciños de Vilaza, de Albarellos, algún de Medeiros. E sobre as súas declaracións voulle lembrar que un dos impulsores, porque fala moito dos de Verín que non pintan nada, pero un dos impulsores do hotel no Castelo precisamente foi alguén de Verín, o señor Jiménez. Jiménez e Feijoo, por suposto. E aquí o seu pai tragou e foi a Santiago con eles a asinar. E lémbrolle precisamente que agora se o Castelo ten auga é grazas a Verín. Aquel convenio que asinaron tamén in extremis, eran en funcións tamén alcaldes o seu pai e Jiménez.

A calzada, datada de 1600, segundo os técnicos, e segundo eles é recuperable e é un tesouro que en calquera outro sitio porían en valor. É

ACTA DO PLENO

Número: 2018-0002 Data: 16/03/2018



Cod. Validación: 9DKYF9X6LGBZQ3DD56XC3 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 21

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei, 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

lamentable constatar que temos un alcalde que unha vez máis non está a carón dos veciños e que non escoita o clamor popular e se aliña coa Xunta en lugar de reclamar e preservar o patrimonio de toda a comarca. Este é o meu rogo: rogo que preserve o patrimonio de todos.

E continúa a voceira cos rogos:


- Eu levo vivindo en Monterrei dende xuño de 2014 e, evidentemente, a miña rúa ten saneamento, senón non podería vivir alí. Xa estaba feito cando se arranxou o albergue. E támen ten auga, a cal leva cortada todos estes anos. Nunca a precisei, pois eu dispoño dun pozo que funciona perfectamente. Pero vou aproveitar este Pleno para dicirlle que o que non temos é iluminación pública e agora que soben os coches por alí aproveito para pedilo, porque ademais é moi triste ver como os traballadores do hotel baixan pola miña rúa cunha lanterna, porque ademais teñen que deixar os coches abaixo, debe ser unha orde de Paradores. Entón, podería pornos algún dos farois que por exemplo están no patio particular dalgún concelleiro a nós alí, en Monterrei.
- Quería lembrarlle, outra cousa que falou na radio, que as casas que están en ruína teñen donos e as casas pódense recuperar e de feito todas esas sinaturas dos donos desas casas son para que lles meta saneamento e abastecemento, senon é imposible que se recuperen, non son ruínas que quedan aí para sempre. Rogo que lle meta ou que presione á Xunta para que lle metan o saneamento e o abastecemento.
- O burato que hai en Sandín, creo que hai veciños que llo comentaron na festa do San Salvador, a ver se o repara. Sabe cal lle digo. Pois hai un burato alí, pódolle ensinar as fotos.
- Volvo lembrarlle que os veciños de Flariz, os das casas que van cara San Martiño, reclaman as beirarrúas, como teñen dereito igual que os demais.
- Antes do bar de Flariz pídolle que lle poñan unhas bandas sonoras porque xa se produciron polo menos dous atropelos nesa zona.
- Tamén reparar a estrada que está onda o río, en San Cristovo, e xa por décima vez o parque dos nenos, a ver se o acolchan e o arranxan.
- Rogo que me contesta as preguntas. Non sei se me vai contestar despois. Vólvoas facer:
- Había uns gastos do Parador, que lle pasaba ao noso Concello. Díxome que os gastos de 336,70 € e 246,13 eran gastos do concerto. Os gastos do concerto xa foran pagados. Había un pagamento de mil e pico euros, 1.663 que puña "concerto dúo Rivera". Que eu saiba, o concerto foi dentro da igrexa, non sei que outros gastos podía haber. Concrétemos.
- No ADO do 8 de novembro hai outro cobramento do Parador ao Concello de 125,13 €, que pon "prestación de servizos". Non sabemos que servizos son.
- Na Xunta de Goberno do 13 de decembro volve haber outro cobramento de 292,44 €, que pon outra vez "prestación de servizos". Non sabemos de que son.
- Rógolle que non conte mentiras. Refírome ao da pista de San Paio a Medeiros. Primeiro, que non me contestou a todos os puntos que lle preguntei e que lle volví preguntar varias veces por escrito. Vostede contestou no

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

ACTA DO PLENO

Número: 2018-0002 Data: 16/03/2018



Cod. Validación: 6DKYF94X61GZOC3DD662XC3 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 21



Concello de Monterrei

último pleno que as paredes foron tiradas cos permisos dos particulares correspondentes. Quere que lle ensine a denuncia dun deles?, quere que lla lea? Está aquí.

E a voceira de Veciños de Monterrei, dicindo que descoñece se hai algunha denuncia máis pero que ela só tivo acceso a esta, le textualmente un escrito que presentou Concepción Martínez Dopazo no rexistro xeral do Concello sobre o derrube de muros da súa propiedade por mor da apertura da pista que vai de San Paio ata a estrada Medeiros-A Granxa. No dito escrito pídese que se refagan os ditos muros tal e como estaban con anterioridade ás obras e de non facelo así o Concello, que se verá obrigada a recorrer ante os tribunais competentes, onde solicitará, ademais da reposición do muro, danos e perdas baixo a responsabilidade do Concello e do persoal que autoriza a obra. Dille a voceira ao alcalde que ela non ten nada máis que dicir, que non minta.

Di o alcalde se hai algunha pregunta máis.

Toma a palabra agora o concelleiro de Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia Feijoo, e formula as seguintes preguntas:

- Unhas das preguntas era do Pleno de outubro, no que lle preguntei que diferenza había entre o que pagaba o Concello de auga, que había facturas de ata mil cincocentos euros, e o que lle cobraba ao Parador, non me contestou. Volvólllo preguntar de novo, porque me imaxino que o do outro día, o de crear un pouco de polémica era para non rematar contestando. Pero tamén me gustaría saber canto cobra o Concello de IBI pola parte do Parador novo e canto cobra o Concello do imposto de actividades económicas polo Parador novo, porque o outro día, escoitándoo a vostede, parecía que iso ía ser a salvación do concello a nivel empresarial. Xa sei que non vai responder hoxe, a ver se para a semana.

- Por outro lado, na Xunta de Goberno do 12 de xaneiro asinan un convenio con La Región, que é o de todos os anos, imaxino, pero non sei se lle pode dicir aos veciños en que consiste ese convenio e canto lles custa.

E, de momento, esperando a ver se nos responde ao do último pleno, non teño nada máis.

É agora a rolda de Yolanda Domínguez Gallego, concelleira do grupo municipal Veciños de Monterrei:

- Lembro o que se falou antes de votar a sentenza sobre Rafael Castro Vaamonde, que contra unha sentenza non imos dicir nada e que un traballador ten dereito a cobrar polo que traballa pero que as dúbidas e preguntas formuladas as tome como preguntas feitas neste apartado de fiscalización, que non queden como debate no punto e que as responde no próximo pleno.

- Que xa dixen na Secretaría e que o volvo dicir, para que conste, que nos volvan entregar todas as notificacións, actas e expedientes por escrito porque non funciona ben a secretaría virtual e non temos a documentación necesaria para vir ás comisións e aos plenos. Que se volva entregar todo por escrito ata que funcione ben a oficina virtual.

ACTA DO PLENO
Número: 2018-0002 Data: 16/03/2018



Cod. Validación: 6DKYF94X6JGDZQC3DDDD56:XC3 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 21

Concello de Monterrei



Concello de Monterrei

- En relación a expedientes de axudas de custo, había por un cheque ao portador de oito mil e pico euros que se cobrou, que foi cobrado por unha persoa en man. Non hai xustificación ningunha. Gustaríanos saber que pasa con iso.

- As viaxes que se pagan están todas sen xustificar, tamén nos gustaría saber se se fai algo con iso, se sabe de que son esas viaxes.

- As comidas que se fan, simplemente se pon, cada vez que alguén vai a Ourense ou Santiago, comida. Eu penso que non hai que comer se se vai a unha reunión de 10 a 11. Sempre hai comida, non hai ningún ticket nin ningunha factura. Tamén queremos saber que opinión ten vostede e que control hai sobre esas axudas de custo.

Se lle parece que é normal que na contabilidade dun concello se cobren cheques ao portador e se repartan en sobres nun despacho.

Francisco Javier Limia, ten unha última pregunta que facer:

- Por que teño que ver, que non o vou facer, os expedientes perante do funcionario responsable cando, como moito, o que non se poden é quitar de aquí, do Concello?

- Nun dos escritos cando vin ver os expedientes en xaneiro me puñan de 9 a 11, a verdade é que eran bastantes cousas para ver e máis ou menos me deu tempo pero, se o concello abre ás 8, por que non podo vir dende as 8 e só ata as 11? Ou é porque non queren que o vexamos ou se o vemos moi a fondo poden aparecer determinadas cousas?, non o sei.

Advirte neste momento o alcalde:

-Voulles contestar as preguntas do pleno anterior, e non hai debate. Prégolle que non interrompan a este alcalde cando lles está contestando as preguntas, e non me fagan ler o artigo do ROF onde vén recollido que hai que respectar as roldas de rogos e preguntas.

E a continuación o alcalde di que vai contestar as preguntas do Pleno do 15 de decembro de 2017, e como a primeira das preguntas é en relación ao "caso Talleres Agripino", "caso secretario", pídelle ao secretario que abandone a sesión e que entre na sala de sesións Pilar Zarraquiños, que fará o labor de secretaria accidental, durante o tempo da súa resposta.

E comeza o alcalde:

Antes de entrar polo miúdo nas varias preguntas que neste "terceiro grao" no que me someteron no 15 de decembro, gustaríame facer unha serei de consideracións xerais.

En primeiro lugar, sinalarlles que con este escrito, o Grupo Veciños de monterrei parece que abandona definitivamente a política para centrarse en temas xudiciais ou pseudoxudiciais. Nós xa o sabiamos, pero agora queda claro que vostedes se presentaron no Concello non para traballar por Monterrei senón para saldar velas débedas dalgúns dos seus, que non dan a cara e sabemos moi ben quen son. Pois ben, se queren xogar nese campo, xogarémolle, sen medo ningún e aí estaremos.

En segundo lugar, dos seus escritos e das súas preguntas, vostedes utilizan uns termos que verdadeiramente me preocupan, expresións como : "queda

ACTA DO PLENO

Número: 2018-0002 Data: 16/03/2018



Cod. Validación: 6DKYF94X6JGDZQ3DD562XC3 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 21

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

acreditado que existe a comisión dunha falta moi por incumprimento da lei de incompatibilidades", "solicitamos que se informe ao órgano competente para a incoación do correspondente expediente disciplinario". Vostedes xa dan por feito que se cometeu unha falta moi grave e xa poñen a sanción, só lles falta dicir "ao paredón co secretario". Vostedes condenan e executan no acto, son xuíces, fiscais, acusadores, sen cortarse un pelo. Home, eu creo que cando menos o señor secretario terá algo que dicir, polo menos a última palabra. Tampouco entenden a posición da Fiscalía que arquivou o asunto no ámbito penal. E con todos os respectos para a Fiscalía, a Fiscalía entende de dereito penal pero de administrativo, ben, vemos que fraquea un pouco. Dígoos con todos os respectos. E sinala, sen prexuízo da oportuna resposta no ámbito disciplinario. Pero, haberá que tramitar o oportuno expediente, se é necesario. O fiscal, e díganllo ao seu avogado ou asesor, porque de avogado me parece que ten pouco, non dita sentenza. A Fiscalía fai unhas investigacións e froito desas investigacións resolve o que estima oportuno. É unha parte máis do proceso penal pero o fiscal non dita sentenza e neste caso non hai ningún proceso penal porque o archiva. E tamén díganlle a ese becario ou asesor que teñen que hai un principio básico en dereito, e sobre todo vivindo nun estado social e democrático de dereito, que se estuda en primeiro de carreira, que é a presunción de inocencia. Todo o mundo é inocente ata que se demostre o contrario, entón ao secretario haberá que aplicarlle este principio, digo eu. Se mo din a min, con eses termos cos que se manifestan nos seus escritos, inmediatamente teñen unha demanda no xulgado. Despois non me veñan co de prevaricación por omisión, ameazas deste tipo ou sinalar que eu vou alegar error vencible ou invencible. Pero, vostedes que saben o que é o error vencible ou invencible?, e vostedes que saben o que é a prevaricación por omisión, cando vostedes xa presentan o papeliño o 5 de decembro?. Vostedes falan de ouvidas e non nos dan lección de ningún tipo e moito menos de dereito.

E o alcalde responde ás preguntas concretas:

Pregunta: sabía vostede que Paulino era socio de Talleres Agripino?

Resposta: Pois non o sabía porque non é a miña misión andar indagando a vida profesional privada dos traballadores do Concello. O que si sabía era o que me dícía Paulino, que non lle levamos os coches a Talleres Agripino polo problema no que se podía atopar, polo problema no que o querían meter. Pero se ofertan bos prezos e nos sae ben para o Concello, eu como alcalde, o que teño que defender son os intereses do Concello e levaranse os coches onde nos presten o mellor servizo ao mellor prezo. Ao mellor o quid da cuestión está aí, que vostedes querían que se levaran os coches a algún taller do seu interese. Non hai problema, presenten ofertas e ao mellor levámoos aí.

Pregunta: Se non o sabía, por que deixou de contratar con esa empresa e comezou con Northgate?

Resposta: Porque melloraba en prezos a Talleres Agripino. Igual que despois se lle volveu alugar a Talleres Agripino porque presentaron unha oferta mellor.

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

ACTA DO PLENO

Número: 2018-0002 Data: 16/03/2018



Cod. Validación: 6DKYF94X6JGDZC3DD562XC3 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 21



Concello de Monterrei

Pregunta: Sabía vostede que no Rexistro Mercantil de Ourense, o día 12 de maio de 2016, figuraba como administrador social o noso secretario e que ao día de hoxe xa non aparece? Non lle parece raro?

Resposta: Non o sabía e non me parece raro, o que me parece raro son todas esas actuacións súas no Rexistro Mercantil, qué é o que lles move.

Nós, independentemente de todas as barbaridades que poñen nos escritos e nas preguntas que fan, e o tono no que o fan, respectamos a lei, os seus procedementos e os principios básicos do estado social e democrático de dereito. Así, o que fixo esta Alcaldía, por providencia do 17 de xaneiro de 2018, foi abrir unhas actuacións previas co fin de determinar coa maior precisión posible os feitos susceptibles de motivar a incoación do procedemento e as circunstancias relevantes que concorran.

Neste intre o alcalde dá lectura ao texto da dita providencia do 17 de xaneiro.

Trala lectura da providencia, entra na sala de sesións o secretario, Paulino Fernández Salgado, que pasa a ocupar o seu sitio.

Continúa o alcalde:

Pregunta: Entrando na segunda pregunta, na que fai referencia á secretaria da secretaria do secretario, falaba da auxiliar administrativo, Vanessa, que lle termina o contrato o 31 de decembro de 2017 e quería preguntarlle que tiña pensado facer.

Resposta: Sinalarlle que aquí non hai secretaria de ninguén. Ao mellor onde traballa vostedes hainos, aquí non hai secretarios de ninguén, aquí o que hai son uns grandes traballadores, moi profesionais e moi responsables e non lle tolero esa falta de respecto e de menosprezo cara eles. Falta de respecto que, por outro lado, non son as primeiras.

Xa en concreto, decirlle que o contrato de Vanessa foi prorrogado tres meses debido á carga de traballo existente na Secretaría-Intervención, pero este contrato procede dunha convocatoria libre e que foi ganada por Vanessa Rivero con base nos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

Pregunta. Con relación ás obras do Castelo, como é que o día 16 de novembro de 2017 non había ningún representante do Concello cando viñeron de Santiago para ver as obras de acceso ao Castelo?

Resposta: porque este concello non foi convidado, era unha reunión técnica entre Patrimonio, a dirección técnica da obra e o contratista. O Concello está e estará sempre presente cando sexa convidado, como foi o caso do replanteo da obra. O que xa é máis estraño e supón outra mostra máis desa falta de respecto pola súa parte, é que vostede interveña na reunión técnica e por riba dando leccións de non sei que, de arqueoloxía, historia...Vostede a verdade é que lle pega a todo. Os técnicos que estaban alí, por respecto a vostede e sabendo que era concelleira no Concello deixaron de estar na devandita reunión. E home, cando menos invíteos ao café, que por riba vostede nin se dignou pagarlle o café. Se teñen a deferencia de deixala estar nesa reunión, invíteos ao café.


Pregunta. Con relación á solicitude de propietarios de casas no Castelo, xa

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

ACTA DO PLENO

Número: 2018-0002 Data: 16/03/2018



Cod. Validación: 6DKYF94X6JGDZC3DD562XC3 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 21



Concello de Monterrei

sabe o que vai facer?

Resposta: o primeiro que lle teño que dicir é que vostede como asesora para presentar escritos non vale moito. Os escritos que vostede presenta, a quen van dirixidos? Non se sabe si van dirixidos a esta Alcaldía ou a Xunta ou a quen, non se sabe. Pero ben, entendemos, como temos boa vontade, neste caso, que van dirixidos á Xunta. E foi o que fixemos, démoslle traslado á Xunta deste escrito. A Xunta analizarao, como está supervisando as obras, e a ver que nos di. Agora ben, hai que deixar clara unha serie de cousas. En primeiro lugar o Concello non pode destinar, porque non ten dispoñibilidade, ningún recurso para esas obras. Temos outras necesidades. Vostedes, polo que sae hoxe na prensa parece que priorizan os servizos básicos dunha serie de casas que están no Castelo, con todos os meus respectos, pero que están como están, hai que ser realistas, excepto a súa, están derruídas e habitables, só a súa.

En segundo lugar, a realización das obras de saneamento e abastecemento terán que ser feitas nun contexto global, onde, respectando o Plan Director, se faga un plan especial no que os propietarios desas vivendas se comprometan a rehabilitalas e restauralas. Do contrario, sería un auténtico malgasto de diñeiro se se fan as obras e resulta que as casas seguen estando como están.

Pregunta: tema da oficina de produtos típicos da comarca. Cando ten pensado abrir a oficina?

Resposta: xa se abriu o 31 de xaneiro.

Pregunta: ten clara a funcionalidade?

Resposta: témola clara. Nun principio será aula expositiva de produtos da comarca (realizaranse catas, "show cookings", xornadas gastronómicas), posteriormente convertirase nunha tenda, se pode ser asumíndoa a xestión privada.

Pregunta: con que persoal se vai dotar?

Resposta: con ningún persoal, simplemente estará aberta no mesmo horario que a oficina de turismo.

Pregunta: teñen que facer outro convenio con Serviguide ou seguirán co mesmo?

Resposta: pois, seguirá o mesmo contrato. Non se trata dun convenio.

Pregunta: o tema da auga do Castelo.

Resposta: teñen á súa disposición un informe realizado polo técnico e o tema que había, xa está solucionado.

Preguntas de Francisco Javier Limia:

Pregunta: por que teño que ver os expedientes na mesa do funcionario responsable, neste caso, na Secretaría?

Resposta: simplemente porque o marca o ROF. Di o artigo 16 do ROF que a consulta xeral de calquera expediente poderá realizarse ben no arquivo xeral ou na dependencia onde se atopen os expedientes. Os expedientes están na Secretaría e hai que velos aí.

Preguntas de Yolanda Domínguez Gallego:

ACTA DO PLENO

Número: 2018-0002 Data: 16/03/2018



Cod. Validación: 6DKYF9X6JGZQC3DD562XC3 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 21

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

Pregunta: en relación ao centro de día, se se vai asinar un novo convenio.

Resposta: non se vai asinar un novo convenio. Vaise asinar, segundo me din na Consellería, unha addenda ao convenio xa asinado que recollerá a nova distribución orzamentaria que hai que facer.

Pregunta: tema do campo de fútbol-praia en Vilaza.

Resposta: o que se fixo foi renunciar ao convenio por un motivo. Eu era partidario desa instalación, novedosa e que podería ser atractiva para a nosa alameda de Vilaza. O motivo foi que no ano anterior as festas celebráronse onde se ía facer ese campo de fútbol-praia. Os da comisión dixéronme que era un inconveniente e que preferían que se en anos sucesivos se ía facer a festa aí, se cambiara por unha pista polideportiva de cemento. Eu accedín a esa petición e estamos intentando non perder ese diñeiro e que se reconduza cara iso. E, por último, esa imaxe de voleibol praia é de ben rematado o verán, nótase que vostede non vai moito nin por Vilaza, nin pola súa alameda. Eu invítoa a que vaia no mes de xullo e verá que o campo está en perfecto estado de revista.

E, ao non haber máis asuntos que tratar, o alcalde dá por rematada a sesión.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ACTA DO PLENO

Número: 2018-0002 Data: 16/03/2018



Cod. Validación: 6DKYF94X6JGZOC3DD562XC3 | Corrección: <http://monterrei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 21

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700

